

BOLETIN INFORMATIVO MUNICIPAL

SUMARIO

AXUDAS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Corrección de erros relativa ás bases reguladoras das axudas do IGAPE a pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con desmantelamento de automóbiles antigos para o ano 2010 (Plan Remóvete Galicia).

Amplíase a dotación orzamentaria da Orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para a modernización de comercios en zonas rurais de Galicia (Plan Ágora, agora Re-comercia).

Axudas aos proxectos de investimento empresarial, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

MEDIO RURAL

Axudas á utilización de servizos de aconsellamento por persoas titulares de explotacións agrarias e se convocan para o ano 2010.

CULTURA E TURISMO

Orde do 3 de agosto de 2010 pola que se procede á apertura e convocatoria, para o ano 2010, da liña de financiamento con cargo ao Fondo Financeiro do Estado para a Modernización das Infraestruturas Turísticas (Fomit).

NORMATIVA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Instrución informativa da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, relativa aos aproveitamentos de recursos xeotérmicos en Galicia.

FORMACIÓN

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Cursos homologados para a obtención do carné de aplicador/manipulador de biocidas. (Nivel Básico e Nivel Avanzado).

AXUDAS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

PLAN REMÓVETE DE GALICIA PARA RENOVACIÓN DE VEHÍCULOS.

CONVOCA

Instituto Galego de Promoción Económica.

OBXECTO

Este convenio ten por obxecto definir os termos de colaboración entre a entidade colaboradora e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), coa finalidade de establecer unha liña de axudas a fondo perdido para incentivar a modernización de vehículos nas pemes e autónomos e aos particulares.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables as operacións de compraveda de vehículos nunha entidade colaboradora formalizadas desde o día 1 de agosto ata o 15 de decembro de 2010 ou, en todo caso, ata o esgotamento do orzamento asignado.

NORMATIVA

Resolución do 27 de xullo de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape a pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con desmantelamento de automóbiles antigos para o ano 2010 (Plan Remóvete Galicia), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

ENLACES

[DOG 11/08/2010](#)

PLAN Re-Comercia, MODERNIZACIÓN DE COMERCIOS RURAIS

1.-CONVOCA

Consellería de Economía e Industria.

2.-OBXECTO

Amplíase a dotación orzamentaria que se establece na orde desta consellería do 5 de marzo de 2010, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 49, do 12 de marzo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a modernización de comercios situados en zonas rurais da Comunidade Autónoma de Galicia en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re-comercia e se procede á súa convocatoria.

3.- NORMATIVA:

Orde do 3 de agosto de 2010 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 5 de marzo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a modernización de comercios situados en zonas rurais da Comunidade Autónoma de Galicia en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re-comercia, e se procede á súa convocatoria.

4.- ENLACES:

[DOG 13/08/2010](#)

PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL, FEDER GALICIA.**1.-CONVOCA**

Instituto Galego de Promoción Económica.

2.-OBJECTO

Bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) aos proxectos de investimento empresarial, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

3.-BENEFICIARIOS

En xeral, poderán ser beneficiarias aquelas sociedades mercantís existentes ou en constitución que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Realizar unha iniciativa empresarial nun centro de traballo, obxecto do proxecto de investimento, localizado en Galicia.
- b) Desenvolver no centro obxecto do proxecto algunha das actividades subvencionables que se sinalan nestas bases para cada tipo de proxecto subvencionable.
- c) Achegar para o proxecto de investimento unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de polo menos un 25% do seu importe, sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

4.-ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES:

Subvencións a fondo perdido aos proxectos empresariais de investimento que se vaian implantar en Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

1. Que o proxecto presente un:

- a) Investimento subvencionable superior a 500.000 € para a creación dun novo establecemento, a ampliación dun establecemento existente, a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio esencial no proceso xeral de produción dun establecemento existente.
- b) Investimento subvencionable en servizos avanzados en Galicia superior a 200.000 € cunha creación de emprego ligado ao investimento igual ou superior a 10 novos postos de traballo de

carácter indefinido.

2. Os proxectos subvencionables terán que acreditar a súa viabilidade técnica, económica, financeira e ambiental.

3. Os proxectos subvencionables non poderán ter comezado antes da presentación da Solicitud de axuda. Ningún dos custos alegados, sobre os que se solicita subvención, poderán ser incorridos con carácter previo á solicitude da axuda, de ser así, o proxecto no seu conxunto sería non subvencionable.

4. No caso de investimentos en obra civil, soamente serán subvencionables aqueles realizados posteriormente ao levantamento dunha acta notarial que reflicta fidedignamente e con posterioridade á presentación da solicitude, a non iniciación da obra.

5. Os proxectos presentados por empresas que non cumpran os requisitos de pequena e mediana empresa, terán ademais que acreditar ao Igape o efecto incentivador da subvención solicitada. Para tal efecto, deberán presentar un documento onde se reflicta que a concesión da axuda suporá ben un incremento substancial no tamaño, do seu ámbito de aplicación, do importe investido pola empresa beneficiaria ou do ritmo de execución do proxecto, ou ben que de non ser pola axuda o proxecto de investimento non se implantaría en Galicia.

5.- PRAZO

Rematará no momento do esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do Igape www.igape.es

6.- CONTÍA

Como regra xeral:

- Ata o 30% para grandes empresas.
- Ata o 40% para medianas empresas.
- Ata o 50% para pequenas empresas.
- Ata o 30% para empresas do sector do transporte.

7.- NORMATIVA:

Resolución do 22 de xullo de 2010 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica aos proxectos de investimento empresarial, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

8.- ENLACES:

<http://www.tramita.igape.es>.

MEDIO RURAL**AXUDAS AO USO DOS SERVIZOS DE ACONSELLAMENTO
PARA TITULARES DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS****1.- CONVOCA**

Consellería de Traballo e Benestar.

2.- OBXECTO

Coa finalidade de poder amparar o maior número posible das solicitudes de axudas á utilización de servizos de aconsellamento por persoas titulares de explotacións agrarias, no marco das axudas ao desenvolvemento rural en Galicia, e posto que a dotación inicial resulta insuficiente, aprobáronse os correspondentes expedientes de xeración e ampliación de crédito, polo que cómpre, mediante esta orde, ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas axudas.

3.- NORMATIVA

Orde do 9 de agosto de 2010 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión das axudas da Orde do 21 de decembro de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á utilización de servizos de aconsellamento por persoas titulares de explotacións agrarias e se convocan para o ano 2010.

4.- ENLACES

[DOG 13/08/2010.](#)

CULTURA E TURISMO**AXUDAS PARA A MODERNIZACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS TURÍSTICAS (FOMIT)****1.-CONVOCA**

Consellería de Cultura e Turismo.

2.-OBXECTO

Mediante esta resolución procédese á apertura e convocatoria, correspondente ao exercicio 2010, da liña de préstamos bonificados a administracións locais e consorcios con cargo ao Fondo Financeiro do Estado para a Modernización das Infraestruturas Turísticas (FOMIT).

3.-BENEFICIARIOS E CONTÍAS

a) As entidades locais, os organismos autónomos locais, as entidades públicas empresariais locais e as sociedades mercantís locais.

Os préstamos poderán alcanzar un importe do 100% do investimento financiable, cun límite máximo de 6 millóns de euros e un mínimo de 300.000 euros por beneficiario e ano.

b) Os consorcios ou entidades constituídas para executar proxectos que se desenvolvan no marco dun plan de reconversión ou modernización integral dun destino turístico maduro, nas cales participe a Administración xeral do Estado xunto con outra ou outras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas.

Os préstamos poderán alcanzar a contía de ata 25 millóns de euros por beneficiario e ano.

A porcentaxe de reserva do volume de recursos do FOMIT para operacións de préstamo para estes consorcios ou entidades será do 40%.

4.-ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES:

a) Os proxectos de investimentos públicos que se desenvolvan no ámbito territorial dunha entidade local sempre que, no dito ámbito, existan investimentos do sector turístico privado que se desenvolvan paralelamente ás públicas e cuxa contía neta represente como mínimo o 30% do importe que se pretende financiar.

Entenderase que os investimentos privados se desenvolven paralelamente aos públicos cando se enmarquen no contexto dunha planificación previa de carácter público ou exista unha notoria identidade de formulacións e finalidades encamiñada á recualificación ou modernización do destino maduro.

b) Os proxectos de investimentos realizados por consorcios ou entidades constituídas para executar proxectos que se desenvolvan no marco dun plan de reconversión ou modernización integral dun destino turístico maduro, nas cales participe a Administración xeral do Estado xunto con outra ou outras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas.

5.- PRAZO

Antes do día 30 de outubro de 2010,

O prazo máximo de execución das actuacións financiadas será de catro anos, contados a partir da data de formalización da operación de financiamento.

6- NORMATIVA:

Orde do 3 de agosto de 2010 pola que se procede á apertura e convocatoria, para o ano 2010, da liña de financiamento con cargo ao Fondo Financeiro do Estado para a Modernización das Infraestruturas Turísticas (Fomit).

7.- ENLACES:

<http://www.ico.es>.

NORMATIVA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

APROVEITAMENTOS DE RECURSOS XEOTÉRMICOS EN GALICIA.

1.-CONVOCA

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

2.-OBXECTO

Esta instrución ten por obxecto atender a previsible crecente demanda de solicitudes de aproveitamentos de recursos xeotérmicos en Galicia, en particular os de escaso valor económico e comercialización xeográfica restrinxida, aos cales se lles dá utilidade en calefacción e climatización doméstica ou industrial e/ou AQS, así como servir de guía para simplificar e alixeirar a tramitación administrativa dos expedientes que se xeren.

3.- ENLACES:

[Instrución informativa 5/2010, do 20 de xullo, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, relativa aos aproveitamentos de recursos xeotérmicos na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

FORMACIÓN

CONSELLERÍA DE SANIDADE

CARNÉ DE MANIPULADOR/A DE BIOCIDAS. Nivel Básico

1.- CONVOCA

Cacumen Lugo, S.L.U., r/ Concepción Arenal, 18-1º, 27004 Lugo.

2.-OBXECTO

Curso para a capacitación de aplicadores/manipuladores de produtos biocidas.

Homologado polas direccións xerais de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Política Social e de Agricultura do Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño

Duración: 20 horas teórico/prácticas e 1 hora proba avaliación.

3.-BENEFICIARIOS

Todo o persoal auxiliar das empresas que apliquen e/ou manipulen produtos biocidas. Máximo 20 alumnos/as que serán seleccionados por rigorosa orde de inscrición.

4.- NORMATIVA:

Resolución do 2 de xullo de 2010, da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, pola que se fai pública a realización dun curso homologado de nivel básico para a obtención do carné de aplicador/manipulador de biocidas.

5.- PRAZO

Data límite de presentación de solicitudes: ata o 14 de setembro de 2010.

6.- ENLACES:

[DOG 11/08/2010](#)

Información e inscricións: Cacumen Lugo, S.L.U., r/ Concepción Areal, 18-1º, 27004 Lugo, teléfono: 982 24 39 44, fax: 982 28 41 61, e-mail: cacumen@cacumenlugo.com

CARNÉ DE MANIPULADOR/A DE BIOCIDAS. Nivel Avanzado.**1.- CONVOCA**

Cacumen Lugo, S.L.U., r/ Concepción Arenal, 18-1º, 27004 Lugo.

2.-OBJECTO

Curso para a capacitación de manipuladores de produtos biocidas. Nivel Avanzado.

Homologado polas direccións xerais de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Política Social e de Agricultura do Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño.

Duración: 60 horas (avaliación 1 hora).

3.-BENEFICIARIOS

Responsables técnicos das empresas que apliquen e/ou manipulen produtos biocidas. Máximo 20 alumnos/as que serán seleccionados por rigorosa orde de inscrición.

4.- NORMATIVA:

Resolución do 5 de xullo de 2010, da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, pola que se fai pública a realización dun curso homologado de nivel cualificado para a obtención do carné de aplicador/manipulador de biocidas.

5.- PRAZO

Data límite de presentación de solicitudes: ata o 11 de outubro de 2010.

6.- ENLACES:

Información e inscricións: Cacumen Lugo, S.L.U., r/ Concepción Areal, 18-1º, 27004 Lugo, teléfono: 982 24 39 44, fax: 982 28 41 61, e-mail: cacumen@cacumenlugo.com

[DOG 12/08/2010](#)

CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Teléfono: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

www.campolameiro.com

biblioteca@campolameiro.com

tecnicoempleo@campolameiro.com

servizossociais@campolameiro.com

